

OS OLLOS DA LÚA

Unha vez era o Mundo e esa mesma vez era a Lúa.

O Mundo era moi grande e por iso tiña corpo de xigante.

A Lúa era unha dona fermosa que tiña dous ollos con feixes de luz, un aberto polo día e outro pola noite. Gustáballe tanto mirar, vixiar, ver e falar!

No Mundo con corpo de xigante había un Rei que facía o que lle petaba. Xogaba á pelota, pintaba e cantaba, ría e sorría. Facía unhas cousas ben, outras mal e algunhas regular.



A Lúa non quería pechar ningún dos seus ollos pois pasábao requetebén mirando para os nenos e para as nenas e véndoos soñar de noite e xogar de día.

A Lúa sabía que cando os nenos e mailas nenas non fixesen iso os seus ollos pecharíanse para sempre.

Aquel Rei que facía o que lle daba a gana, estaba aburrido e canso, se se está así, non se está ben. Por iso, quixo facer unha cousa mal.

E que fixo?

Prohibiu a todos os nenos e a todas as nenas que soñasen de noite e que non xogasen de día. Para que así fose, mandoulle á Lúa que se encargase de vixiar.

Aquel Rei, polas noites, preguntáballe á Lúa:

-Soñan?

-Non -respondíalle a Lúa.

E de día, tanto pola mañá como pola tarde, preguntaba:

-Xogan?

-Non -respondíalle a Lúa.

Así de contento, polo mal que facía, aquel Rei metíase na habitación máis grande do pazo e xogaba ás adiviñas co seu can máis fero, sen importarlle nada o que pasaba fóra.

David Otero, "Os ollos da Lúa" (Adaptación)

Sabes que quere dicir a palabra “feixe” na lectura? Elixo a resposta correcta.

Conxunto de cousas de calquera tipo que se atan.

Conxunto de partículas que se moven con igual velocidade e dirección.

Grupo de persoas e cousas.

Marca a resposta correcta en cada caso.

Como era o mundo?

- Como un rañaceos
- Tiña corpo de xigante
- Inmenso

Como era a Lúa?

- Unha nena fermosa
- Tiña dous ollos moi abertos
- Unha dona moi fea

Cales destas cousas non facía o Rei?

xogaba á pelota camiñaba cos rapaces pintaba e cantaba
choraba ría e sorría facía todo ben

FACÍA	NON FACÍA

Une cada palabra co seu antónimo

- Noite ● ● Pechados
- Abertos ● ● Manso
- Contento ● ● Día
- Fero ● ● Triste